



## NOTA DE PRENSA CONCELLO DE PONTECESO

### **O Concello de Ponteceso patrocina a edición do libro-disco *Acordeón Mariñeiro* dos Hermanos Moreira de Tella**

O Concello de Ponteceso continúa a dar a coñecer os seus persoeiros ilustres, desta volta contribuíndo á edición do libro-disco *Acordeón Mariñeiro* dos Hermanos Moreira, os **primeiros galegos en gravar pezas interpretadas con acordeón**. Este libro-disco recompila a integral das súas gravacións comerciais e un importante conxunto de **pezas inéditas**, xunto a interesantes reproducións gráficas e un rigoroso **estudo documental** sobre a agrupación musical.

Os Hermanos Moreira, orixinarios **de Ponteceso**, chegaron nos anos 20 á Arxentina. Alí en Bos Aires ensaiaban na barbaría que abriu un dos irmáns, e no seu soto montaron un estudo de gravación. Descoñécese a data exacta na que se iniciaron como grupo, pero crese que foi a comezos dos anos 30 como dúo de Pedro e Manuel. Ao longo do tempo a formación ía variando coa participación de diferentes músicos. Axiña acadaron sona e **fixeron bailar polcas, fox-trots e tangos aos centros galegos e aos teatros porteños** até finais dos anos 60, cando o grupo se dissolveu.

Algunhas das pezas máis populares do seu repertorio eran *Recordando a Galicia* (valse) e *Aires de Bergantiños* (pasodobre), así como o valse arxentino de corte hispano *Así cantaba mi madre*. Gustaban moito tamén as rancheiras, como *Cancha a la rueda*, e a súa rumba *El loco de la batería*.

### **Discografía**

A agrupación gravou **catro placas**: dúas de lousa de 78 r.p.m. e dous sinxelos de vinilo de 33 $\frac{1}{3}$  r.p.m. Descoñécese a tirada que tivo cada un pero, segundo galegos e arxentinos contemporáneos, eran moi vendidos e apreciados nas festas e programas de radio da colectividade galega.

Os Moreira **compuxeron un total de 36 obras**. Todas as gravacións comerciais son do conxunto, sendo eles autores ou coautores. Agás os dous tangos de Santiago, en realidade só compuña Manuel e

Pedro, rexistrando moitas veces as súas obras co anagrama MAPEMOR, que significa 'MA[nuel] [e] PE[dro] MOR[eira]’.

Para este libro-disco, seleccionáronse as **gravacións caseiras** procurando enriquecer a variedade de xéneros e autores tocados co obxectivo de amosar unha paleta o máis variada posíbel do seu estilo e repertorio no contexto da actuación.

## **A Tiracolo**

*Acordeón Mariñeiro* forma parte da colección **A Tiracolo**, un proxecto de restauración sonora e dixitalización das gravacións históricas da música galega: o primeiro disco galego do coro Aires da terra, a primeira versión gravada do himno de Cantigas da terra, as pezas do violinista Manuel Quiroga ou de Os Gaiteiros de Soutelo, etc.

A Tiracolo foi merecedora no ano 2008 do **Premio da Crítica de Galicia** no apartado de Música pola “novidade da formulación editorial desde o punto de vista discográfico, a posta en valor da historia musical galega e a recuperación do patrimonio musical”.

O traballo será editado por Ouvirmos.